- As obras solicitadas refírense á aplicación de pintura sobre as fachadas dunha edificación existente destinada a almacén e a construción dunha bairrarúa, obras consideradas de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume, polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que no é necesario proxecto técnico.
- Deberán cumprirse as condicións establecidas no punto 2.2 da Resolución emitida pola Consellería de Cultura de data 11/07/2019, Expediente 2019/1362 que se transcriben seguidamente:

*"a) O enfuscado con morteiro dos muros será liso, evitando texturas rugosas con intención decorativa. Prohíbese tamén o emprego de morteiros con áridos engadidos visibles,coma os do tipo*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 24

*monocapa granular.*

*b) O pintado das fachadas do almacén realizarase na cor beixe claro 0505-Y30R do sistema de cor NCS, ou o máis semellante, de acordo cas determinacións para a área da Guía de Cores e Materiais de Galicia, en acabado mate.”*

- Teranse en conta as condicións xerais e particulares que figuran na Resolución de Augas de Galicia de data 07/12/2019, Expediente DH.W27.66791 e que se transcriben seguidamente:

*“A.-XERAIS:*

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 24

*virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

*B.-PARTICULARES:*

*1.- As obras solicitadas consisten no revestimento e pintado de fachadas e na construción dunha beirarrúa duns 20 m2 de superficie nun lateral dunha construción existente ( as obras están parcialmente realizadas, revestimento de acera) situada na parcela de referencia catastral 000401400PJ31D001TZ, no lugar de Escourido núm.20, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá( Lugo). Tamén se colocou unha porta de aluminio de tres follas. As obras* sitúanse a unha distancia duns 44 m., medida polo punto máis próximo da marxe esquerda dun rego innominado, na súa zona de policía. O predio no que se executará a obra esta afectado pola ARPSI do río Batan.

*2.- Advírteselle ao titular que segundo estudos os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o Rio Batán, en parte da zona das actuacións están considerados dentro das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación(ARPSI) de Galicia Costa. A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.*

*Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, o promotor presenta o 22/11/2019 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*

*O interesado deberá dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.*

*Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.*

*A este efectos extremaranse as medidas de seguridade na execucións das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación, polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.*

*As zonas de fluxo preferente e inundable poden consultarse no visor da web de Augas de Galicia na seguinte ligazón : http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 24

*3.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.*

*4.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.*

*5.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira,salvo que se dispoña da previa autorización.*

*6.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.*

*7.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais ou residuos no couce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.*

*Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteración na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*

*8.- Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.*

*9.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais,establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 24

*10.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse preferentemente fóra da zona de servidume ,da zona de fluxo preferente e preferentemente da zonas inundable, e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade delas así como todas as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos. Colocaranse o tempo mínimo imprescindible e estarase atento ás previsións metereolóxicas e ás alertas por enchentes.*

*11.-Lémbraselle ao promotor a posibilidade de consulta das previsións meteorolóxicas nas webs públicas dos organismos competentes na materia para a planificación dos traballos (sección de "Avisos" de Meteogalicia e "Plan Meteoalerta" do AEMET).*

12.- Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar á construción. Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das vivendas e pensión-bar, o recollido no Anexo VIII("Consellos á poboación ante o risco de inundacións") da Resolución de 4 de outubro de 2016 pola que que publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).

*13.- Os residuos xerados durante a execución deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente*.

*14.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación ( tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando , etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*15.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*

*16.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar sesenta e tres euros con trinta céntimos (63,30) o cal supón o 3% do



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 24

orzamento da obra fixado en dous mil cento dez euros. A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

| BAIXA SAF EXTRAORDINARIO DE Dª Mª PILAR CORTIÑAS REQUEIJO | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 14/09/20, relativo á extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. PILAR CORTIÑAS REQUEIJO con D.N.I. nº ****4781F con domicilio en Campo da Feira, núm. 2, 2º A da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por incorporación á praza do centro de día da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de “Axuda no Fogar” de Dª. Pilar Cortiñas Requeijo.

| Baixa saf libre concorrencia 2020 de don Enrique Pérez Sante | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 08/09/20, relativo á extinción do servizo de axuda no fogar de D. ENRIQUE PÉREZ SANTE con D.N.I. nº ****7768L con domicilio en Batán, núm. 4 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, por falecemento do beneficiario, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de “Axuda no Fogar” de D. Enrique Pérez Sante.

| FACTURAS E CERTIFICACIÓNS | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A) A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle



Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 24

foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20239 de 01/09/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Agosto 2020 ( Domingos e Festivos) Dependencia 97 horas | 1.635,66 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSP20240 de 01/09/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Agosto 2020 incidencias e vacacións (Dependencia) 88,50 horas. | 1.283,96 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20241 de 01/09/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Agosto 2020 (Incidencias e vacacions Libre Concorrencia) 32 horas. | 491,04 |
| | | | |
| CONCELLO BARREIROS/SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU | Agosto 2020 | Aportación Concello Lourezá agosto/20 Recollida Lixo | 16.211,91 |
| TOTAL | | | 19.622,57 |

B). APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN UNICA E DA FACTURA DA OBRA "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA TILLEIRA, NA PUMAREGA E NAS PANTIGUEIRAS NO CONCELLO DE LOURENZA " INCLUÍDA NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE 2020.

Vista a factura núm. 2020-332 de data 16/19/20, presentada por D. José Saa Saa, en representación de Construcciones y Canalizaciones José Saa, S.L., con CIF. B27156801, con domicilio social en Costa de Castro núm 1, Portal 1 Entpla A de Foz, cun importe de TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (35.262,17) IVE incluído, e referente á execución da obra denominada "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA TILLEIRA, NA PUMAREGA E NAS PANTIGUEIRAS NO CONCELLO DE LOURENZA " da que é adxudicatario por Resolución da Alcaldía de 30/07/2020.

Vista a certificación única de obra polo mesmo importe, emitida pola redactora do proxecto e directora das obras, a arquitecta Dª. Marta Sánchez Seivane, colexiada núm. 2796, en data 10/09/20.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 24

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidad, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a certificación única e final presentada pola Directora da obra, a arquitecta, Dª. Marta Sánchez Seivane, e a factura núm. 2020-332 de data 16/09/20 presentada por D. José Saa Saa, en representación de Construcciones y Canalizacioes José Saa, S.L., con CIF. B27156801, por importe de VINTE E NOVE MIL CENTRO CORENTA E DOUS EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (29.142,29) e un I.V.E. de SEIS MIL CENTRO DEZANOVE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (6.119,88) o que fai un total de TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (35.262,17) referente á obra "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA TILLEIRA, NA PUMAREGA E NAS PANTIGUEIRAS NO CONCELLO DE LOURENZA".

Segundo.- Remitir notificación da presente Resolución á empresa adxudicataria Construcciones y Canalizaciones José Saa S.L. con CIF B27156801 , para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo así como do correspondente xustificante de pago á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 204/2020. APROBACIÓN PREGO CONDICIONS OBRA PLAN UNICO 2020**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que o Pleno da Deputación de Lugo con data 28/07/2020, aprobou o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Visto que en dito plan figura incluído, entre outras, a execución da obra denominada "MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES", segundo proxecto redactado pola Arquitecta Dª Marta Sánchez Seivane, colexiada núm. 2796, cun presuposto de execución por contrata de CENTO CORENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS DEZASEIS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (145.216,01).

Visto que con data 25/09/2020 foron redactados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas, que



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 24

rexerán a adxudicación do contrato para a execución da obra "MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES"

A xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO,- Aprobar que sexa o procedemento aberto simplificado a forma de adxudicación da obra "MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LIÑARES", cun presuposto de cento corenta e cinco mil douscentos dezaseis euros con un céntimo (145.216,01), o prezo certo anterior queda desagregado nun valor de cento vinte mil trece euros con vinte e tres céntimos (120.013,23) máis vinte e cinco mil douscentos dous euros con setenta e oito céntimos (25.202,78) euros de I.V.E.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán o contrato de ditas obras por procedemento aberto simplificado e que se incorporan ao expediente.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación no Perfil do Contratante da páxina Web do Concello de Lourenzá así como na Plantaforma de Contratación da Xunta de Galicia a efectos de presentación de proposicións para a adxudicación da obra.

CUARTO.- Designar a D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, Arquitecto Técnico do Concello como unidade técnica co fin de auxiliar ao órgano de contratación.

QUINTO.- Designar a Dª Marta Sánchez Seivane como Directora da obra.

SEXTO.- Cumprir os demais trámites preceptivos ata a formalización do oportuno contrato, sen cuio trámite non poderá iniciarse a execución da obra.

**EXPTE 204/2020, ACTIVIDADES CULTURAISS. PLAN UNICO 2020**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que o Pleno da Deputación de Lugo con data con data 28/07/2020, aprobou o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Visto que dentro de dito Plan estaba incluído o programa de actividades culturais con un orzamento total previsto de 8.000 euros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 24

Visto que por causa do Covid 19 non se poden levar a cabo as actividades que se incluiron inicialmente no citado Plan Único.

Visto o novo proxecto de actividades culturais que se transcribe seguidamente:

"Preséntase este novo proxecto de actividades culturais porque por mor do covid 19 , non se poden levar a cabo as actividades que inicialmente se propoñían , quedando substituidas polas que seguen:

1. FESTIVAL BAL Y GAY

OBXECTIVO:

.- Achegar ao público diferentes ritmos musicais do mundo

DATA : 16 de agosto de 2.020

RESUME DA ACTIVIDADE: Actuación do grupo Arco Iris

ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE E FINANCIAMENTO

Gastos: 1.500 €

Financiamento: 100% a cargo do Plan Único da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- ACTIVIDADES DO DÍA DO CONDE SANTO

OBXECTIVOS:

.- Dignificar as festas do Conde Santo nunha época de incertezas por mor do covid 19.

.- Dar resposta ás inquedanzas dos veciños e veciñas do concello .

DATAS: 30 de agosto de 2.020

RESUME DA ACTIVIDADE: Realización dun programa variado de música e proxeccións

ORZAMENTO DE GASTOS:

Actuación de Banda de Foz: 800 €

Actuación da Charanga BB+ : 900 €

deseño cartel e realización dun vídeo sobre os cocos de Lourenzá : 363 €

Gastos totais : 2.063€

Financiamento : 100% a cargo do Plan Único da Excma. Deputación Provincial de Lugo

3.- CINE AO AIRE LIBRE

OBXECTIVO:

.- Achegar ao público o cine de historia.

.- Profundizar sobre as desigualdades que sofriu a muller ao longo da historia

DATAS: 3 de setembro

RESUME DA ACTIVIDADE: Proxección da película "María Solinha "

ORZAMENTO

.- proxección da película " María Solinha " : 1.500 €

Financiamento : 100% a cargo do Plan Único da Excma. Deputación



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 24

Provincial de Lugo.
4.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN NAS PARROQUIAS
OBXECTIVO:
.- Dar respostas as inquedanzas da poboación das parroquias do concello que demandan actividades de música, teatro e cine .
DATAS:
meses de outubro, novembro e decembro de 2.020
RESUME DA ACTIVIDADE: Levaranse a cabo actividades relacionadas coa música, teatro ou cine.
ORZAMENTO: 2.937 €
FINANCIAMENTO : 100% a cargo do Plan Único da Excma. Deputación Provincial de Lugo
ORZAMENTO TOTAL DE GASTOS PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2.020: 8.000 €
FINANCIAMENTO: 100 % a cargo do Plan Único da Excma. Deputación Provincial de Lugo"

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

1º. Aprobar o proxecto de actividades culturais dentro do Plan Único da Deputación de Lugo do 2020, por importe de oito mil euros (8.000,00).

2º Solicitar a Deputación Provincial de Lugo o cambio de actividades culturais dentro do Plan Único 2020 por non poder realizar as anteriores aprobadas debido á situación derivada da pandemia do Covid 19.

3º.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial de Lugo aos efectos procedentes.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 24

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: MYCJ6F9WCTASNLMEDGQZ3TXZ7 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 24



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506